



# CERTIFICADO

EXPEDIENTE NÚM.	ÓRGANO COLEXIADO	DATA DA SESIÓN
4438/2023	A Xunta de Goberno Local	14/05/2024

D. Juan F. Sánchez González, Secretario Xeral do Concello de Poio,

**CERTIFICA:** Que a Xunta de Goberno Local deste Concello, en sesión realizada na data arriba indicada, adoptou entre outros o seguinte acordo

**22162.-CONTRATACIÓN.-EXPTE.: 4438/2023. APROBACIÓN EXPEDIENTE CONTRATACIÓN "SUBMINISTRACIÓN DE COMBUSTIBLE PARA A FLOTA DE VEHÍCULOS E MAQUINARIA ASÍ COMO PARA A CALEFACCIÓN DOS EDIFICIOS MUNICIPAIS" TRAMITACIÓN ANTICIPADA DO GASTO**

Favorable      Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

## RESOLUCIÓN

Dáse conta do expediente electrónico número 4438/2023 co seguinte resume de antecedentes-documentación:

- Memoria xustificativa da necesidade da contratación e división en lotes, asinada pola Alcaldía o oito de maio de 2024.
- Prego de cláusulas administrativas particulares asinado o oito de maio de 2024 para contratar, por procedemento aberto, a "Subministración de combustibles para a flota de vehículos e maquinaria así como para a calefacción de edificios municipais do Concello de Poio".
- Informe emitido o oito de maio de 2024 pola interventora municipal.
- Informe xurídico emitido o oito de maio de 2024 polo secretario xeral do Concello.
- Proposta da Alcaldía de oito de maio de 2024.

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria, polo voto favorable das/os seis concelleiras/os presentes sendo este o número legal da súa composición, en exercicio das atribucións delegadas pola Alcaldía, por Decreto de 28 de xuño de 2023, de conformidade co disposto no art. 21 da Lei 7/85, de dous de abril, (modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro) **acorda, de conformidade coa proposta da Alcaldía de oito de maio de 2024, obrante no expediente 4438/2023:**





## Concello de Poio

**Primeiro:** Prestar aprobación ao expediente de contratación, por procedemento aberto simplificado e tramitación de gasto anticipada, para a “Subministración de combustibles para a flota de vehículos e maquinaria así como para a calefacción de edificios municipais do Concello de Poio” que contén prego de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, cunha duración comprendida entre o un de xaneiro de 2025 e o 31 de decembro de 2027, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto e tramitación de gasto anticipada, debendo consignarse crédito suficiente para responder as obrigas que se deriven do contrato nas vindeiras anualidades.

E para que conste expide a presente de orde e co Visto e Prace do Sr. Alcalde, coa salvidade do art. 206 do ROF e RXEL, de 28 de novembro de 1986.

O secretario Xeral.

Poio, na data que figura na sinatura dixital á marxe

### DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

